

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7.^a,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 20.10.2017 Hora: 10:30

A Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 20 de outubro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :


Punto único. Preguntas

- 1 12718 (10/POC-002147)
 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
 Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
 Sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas á mellora e adecuación das características técnicas dos seguros agrarios á realidade produtiva e á estrutura da propiedade do sector primario galego, así como o número de pólizas contratadas e tipo de explotacións, especificado por provincias, nos anos 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 157, do 03.08.2017

- 2 13065 (10/POC-002258)
 Grupo Parlamentario Popular de Galicia
 Balseiros Guinarte, Silvestre José e 6 máis
 Sobre o proceso de constitución dos grupos de desenvolvemento rural e os pasos que se van seguir na estratexia do Leader
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017

- 3 14501 (10/POC-002696)
 Grupo Parlamentario de En Marea
 Villares Naveira, Luis e 3 máis
 Sobre o balance do Goberno galego en relación co desenvolvemento da actual campaña de prevención e extinción de incendios forestais e o grao de cumprimento do Pladiga, así como a súa opinión respecto da adaptación do persoal contratado, os modelos de contratación e a dotación de medios ás necesidades do servizo
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017


- 4 15196 (10/POC-002766)
 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
 Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
 Sobre a realización pola Consellería do Medio Rural dalgunha avaliación da campaña de saneamento gandeiro en relación coa repetida aparición de



falsos positivos nas probas de detección de tuberculose bovina, a análise do seu impacto nas explotacións e as actuacións que se están a levar a cabo ao respecto, así como as previstas para impulsar métodos e protocolos de diagnose máis fiables para evitar o sacrificio innecesario de animais

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 14.09.2017

- 5 15854 (10/POC-002841)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para adoptar as medidas necesarias co fin de analizar, xunto cos diversos colectivos que conforman o dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais, os lumes de cuarta e quinta xeración, establecer os protocolos de actuación idóneos e adaptar os medios humanos e materiais a eses lumes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 177, do 19.09.2017
- 6 17207 (10/POC-002937)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 6 máis
Sobre o contido e obxectivos dos premios á excelencia da calidade hixiénico-sanitaria de produtores de leite cru de vaca en Galicia convocados pola Consellería do Medio Rural no ano 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 183, do 28.09.2017
- 7 17590 (10/POC-002974)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia dende o mes de xaneiro de 2017 para garantirlles un acceso á auga suficiente ás familias e negocios en situación de risco pola seca, así como a súa avaliación en relación cos custos desta para a gandería, a agricultura e os ecosistemas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017
- 8 17657 (10/POC-002979)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dalgún programa operativo no ámbito da educación para darlles unha maior visibilidade ás mulleres no medio rural e os datos referidos ás medidas desenvolvidas nos concellos para facilitar a súa incorporación ao mercado laboral e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, así como o establecemento dalgún módulo en materia de igualdade nos programas especializados de formación



agraria e/ou nas escolas dese medio e a dispoñibilidade de indicadores
estatísticos que midan a súa contribución á economía rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2017

Moisés Blanco Paradelo
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 17/10/2017 11:09:27

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7.^a, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 20.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 20.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 12718(10/POC-002147)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas á mellora e adecuación das características técnicas dos seguros agrarios á realidade produtiva e á estrutura da propiedade do sector primario galego, así como o número de pólizas contratadas e tipo de explotacións, especificado por provincias, nos anos 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016

Publicación da iniciativa, 157, 03.08.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

O sector primario que se veu reducindo nos últimos anos de xeito acelerado, aínda supón o 10 % de todos os traballadores en Galicia que desenvolven a súa actividade sobre o 85 % do territorio, e que segue a constituír un alicerce fundamental na estrutura socioeconómica galega que cómpre amparar e apoiar como a mellor maneira de loitar contra o abandono rural.

Practicamente a totalidade das actividades produtivas desenvoltas no eido rural poden resultar afectadas polas inclemencias meteorolóxicas, de feito con carácter cíclico algunha das producións máis sobranceiras sofren os problemas derivados do comportamento anómalo das condicións meteorolóxicas.

Ademais dos problemas derivados por xeadas, secas, inundacións. . .etc, as distintas producións agrícolas e gandeiras tamén se ven sometidas a diferentes problemáticas como destrución da fauna salvaxe, ataques á cabana gandeira, lumes, problemas de xestión das explotacións ... etc.

Un dos elementos dos que poden dispor os agricultores e gandeiros para amortecer os fortes danos causados polos vaivéns climatolóxicos e outros factores que ameazan e\ou desequilibran as previsións produtivas e económicas das explotacións son os seguros agrarios.

O seguro agrario é un instrumento de política agraria, que para ser eficaz debe estar en continuo proceso de evolución para adaptarse ás necesidades do sector; sen esa adaptación a cobertura, seguridade e tranquilidade que deben proporcionar ao labrego e ao gandeiro perden efectividade e sentido.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Na derradeira inclemencia meteorolóxica que afectou ao sector primario galego como as xeadas de finais de abril, amosouse con toda claridade a realidade dos seguros agrarios: menos dun 20 % dos viticultores das denominacións de orixe afectadas dispoñían dalgún tipo de seguro, situación que se pode extrapolar á maior parte das producións, cultivos e cabanas gandeiras.

As razóns desta baixa cobertura para as actividades relacionadas co sector primario débese á falta de adecuación das características técnicas dos seguros á realidade produtiva e da estrutura da propiedade do sector primario galego.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que fai a Xunta de Galicia para mellorar a adecuación dos seguros á realidade produtiva galega?

2ª) Cal é o número de pólizas contratadas de seguros agrarios nos anos 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016, especificado por tipo de seguro e por provincias?

3ª) En que tipo de explotacións, polo seu tamaño e especialización produtiva se contrataron estas pólizas, especificado por provincias?

4ª) Cantas incidencias de distinta orixe foron cubertas por seguros agrarios nos anos 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016, especificado por tipo de seguro e por provincias?

5ª) En que tipo de explotacións, polo seu tamaño e dedicación, fixeron uso do seguro agrario, especificado por provincias?



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2017 16:30
Nº Rexistro: 12718
Data envío: 14/07/2017 14:03:35.018



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 14/07/2017 14:00:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/07/2017 14:01:03

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 20.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 13065(10/POC-002258)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiros Guinarte, Silvestre José e 6 máis

Sobre o proceso de constitución dos grupos de desenvolvemento
rural e os pasos que se van seguir na estratexia do Leader

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13065
Data envío: 24/07/2017 14:07:40.978

A Mesa do Parlamento

Silvestre Balseiros Guinarte, José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Encarna Amigo Díaz e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

O programa europeo LEADER busca un desenvolvemento rural baseado na participación da poboación do territorio, integrando no mesmo todos os recursos e actores económicos e humanos existentes, cunha filosofía de “abaixo cara arriba”.

Os fondos destinaranse principalmente a medidas de apoio ás explotacións agrarias e os sectores agroalimentario e forestal.

O programa tamén prevé axudar a agricultores a reestruturar e modernizar a súas explotacións. Outros novos agricultores contarán con axudas de incorporación para poñer en marcha as súas empresas segundo os cálculos comunitarios.

Asemade está previsto as axudas para as organizacións de produtores, selos de calidade e mercados locais.

Está indicado que chegue á maior parte da poboación de Galicia algunha estratexia de desenvolvemento local do plan Leader.

Entre os desafíos ós que se lle debe facer fronte en Galicia cos fondos de desenrolo rural, están o fomento da competitividade da agricultura, a incorporación de xoves e a xestión de terras. Tamén se debe seguir mellorando na produtividade da industria alimentaria e da silvicultura mediante o fomento de produción de alto valor engadido.

A mellora da calidade de vida da poboación rural, a través da prestación de servizos básicos, a loita contra o cambio climático e a preservación dos recursos naturais son outros dos obxectivos recollidos no PDR.

Neste programa teñen un papel fundamental os Grupos de Desenvolvemento Rural que desempeñan o papel de entidades colaboradoras e son os que seleccionan os proxectos a levar a cabo nos próximos anos. No mes de xaneiro do 2017 procedeuse a constitución dos 24 GDR que se reparten por todo o territorio galego.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13065
Data envío: 24/07/2017 14:07:40.978

Rematada xa a fase de constitución dos grupos de desenvolvemento rural,ponse en marcha o Leader 2014-2020 que suporá un investimento de 84 millóns de euros no período sinalado.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulamos as seguintes preguntas:

1. Cómo valora a Xunta de Galicia o proceso de constitución dos Grupos de Desenvolvemento Rural?.
2. Cales son os seguintes pasos que se van a dar na estratexia do LEADER ?.

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Silvestre Balseiros Guinarte na data 24/07/2017 14:01:49

José González Vázquez na data 24/07/2017 14:02:01

Raquel Arias Rodríguez na data 24/07/2017 14:02:09

Moisés Blanco Paradelo na data 24/07/2017 14:02:17

Carlos Gómez Salgado na data 24/07/2017 14:02:24

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/07/2017 14:02:32

Daniel Vega Pérez na data 24/07/2017 14:02:53

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 20.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 14501(10/POC-002696)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre o balance do Goberno galego en relación co desenvolvemento da actual campaña de prevención e extinción de incendios forestais e o grao de cumprimento do Pladiga, así como a súa opinión respecto da adaptación do persoal contratado, os modelos de contratación e a dotación de medios ás necesidades do servizo

Publicación da iniciativa, 170, 06.09.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo e Marcos Cal Ogando, integrantes do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre os incendios forestais

A gravidade dos lumes forestais que están afectando Galicia, en especial á provincia de Ourense, fan necesario a realización dunha avaliación e si é preciso a reorientación das medidas en materia de prevención de incendios que avancen dende a situación actual de políticas de extinción cara políticas integrais de prevención e ordenación forestal. Dende o grupo parlamentario de En Marea elaboramos, en colaboración coa sociedade Galega, un decálogo que pode axudar a reverter a situación.

Decisións tomadas polos últimos gobernos da Xunta de Galicia non axudan a resolver o problema, dende a disgregación dos recursos de extinción, a privatización de boa parte do servizo ou fomento do monocultivo, fronte a necesaria implantación dun sistema integral, público e único, teñen contribuído a dramática situación actual.

Esta falla de compromiso coa resolución do problema evidenciase no propio PLADIGA que, logo de ser presentado con enorme retraso e sen a participación do conxunto da sociedade civil afectada, agora incúmrese por parte da Xunta de Galicia.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2017 09:30
Nº Rexistro: 14501
Data envío: 24/08/2017 14:02:05.165



Por estes motivos o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Cal é o balance do Goberno da actual campaña de prevención e extinción de incendios e do grao de cumprimento do seu propio PLADIGA?
- 2) Cree o Goberno que o persoal contratado e os modelos de contratación, así como os medios á súa disposición, son os axeitados para este servizo?

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 24/08/2017 13:59:28

David Rodríguez Estévez na data 24/08/2017 13:59:36

Paula Quinteiro Araújo na data 24/08/2017 13:59:48

Marcos Cal Ogando na data 24/08/2017 13:59:57

**Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes**

Día: 20.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 15196(10/POC-002766)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a realización pola Consellería do Medio Rural dalgunha avaliación da campaña de saneamento gandeiro en relación coa repetida aparición de falsos positivos nas probas de detección de tuberculose bovina, a análise do seu impacto nas explotacións e as actuacións que se están a levar a cabo ao respecto, así como as previstas para impulsar métodos e protocolos de diagnose máis fiables para evitar o sacrificio innecesario de animais

Publicación da iniciativa, 175, 14.09.2017



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:45
Nº Rexistro: 15196
Data envío: 04/09/2017 12:45:58.390

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

Actualmente as campañas de saneamento gandeiro contemplan, tres enfermidades, concretamente en vacún, tuberculose, brucelose e leucose.

Nos últimos anos o número de casos positivos, tanto de brucelose como de tuberculose, estaba descendendo notablemente, sendo moi difícil atopar casos positivos na maior parte das comarcas do país.

O problema xorde no ano 2014, cando por directrices do Ministerio de Sanidade, que é quen ten realmente competencias nestes casos, cambian protocolos de actuación. E xorde porque comezan a apareceren un número moi elevado de resultados positivos nas probas reaccionantes para a detección de tuberculose bovina que posteriormente non se confirman nas probas post mortem que se realizan nos matadoiros.

Nalgúns casos, os poucos, dan a opción de facer unha segunda proba antes do sacrificio, o que lle chaman a proba comparada, e case ningún animal é positivo, evitando así o seu sacrificio.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:45
Nº Rexistro: 15196

Data envío: 04/09/2017 12:45:58.390

Como consecuencia desta situación, ademais de se produci-lo sacrificio de numerosos animais que non deberían ter ese destino por se trataren de falsos positivos, tamén provoca a inmovilización das explotacións de onde proceden durante un período de tempo inadmisibile.

Ano tras ano dende o 14 vimos debatendo este tema aquí no Parlamento sen que por parte do goberno galego se tomen medidas razoables pra subsanar estas anomalías.

Como dato a ter en conta, ultimamente na comarca da Terrachá, sacrificáronse 150 animais, dos cales soamente 1 era positivo tra-la proba do matadoiro.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego alén de considerar imprescindible establecer medidas para garantir o resarcimento das explotacións a prezos que se axusten ó mercado polo sacrificio de reses e das perdas e lucro cesante como consecuencia destes e das inmovilizacións, cremos que é prioritario impulsar con urxencia as medidas necesarias para evita-los falsos positivos, mellorando o material e os protocolos, e mesmo establecendo contraanálises previas ao sacrificio.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

1.- Fíxose de parte da Consellería avaliación da situación da campaña de saneamento gandeiro en relación coa repetida aparición de resultados positivos de tuberculose bovina que logo non se confirman nas probas post mortem, en matadoiros?

2.- De ser así ten analizado o impacto que esta situación está tendo en moitas explotacións de bovino?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:45
Nº Rexistro: 15196
Data envío: 04/09/2017 12:45:58.390

3.- Non considera que é imprescindible impulsar métodos e protocolos de diagnose máis fiables e que teñan como prioridade evita-lo sacrificio de reses das que logo non se confirma a presenza da doenza?

4.- De ser así, que actuacións vai realizar nese sentido e en que prazo?

5.- Como se abordan as consecuencias económicas para as explotacións afectadas, ante a insuficiencia das medidas existentes?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 04/09/2017 12:44:34

María Montserrat Prado Cores na data 04/09/2017 12:44:39



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:45
Nº Rexistro: 15196

Data envío: 04/09/2017 12:45:58.390

Ana Pontón Mondelo na data 04/09/2017 12:44:41

Olalla Rodil Fernández na data 04/09/2017 12:44:46

Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2017 12:44:48

Xosé Luis Bará Torres na data 04/09/2017 12:44:49

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 20.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 15854(10/POC-002841)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para adoptar as medidas necesarias co fin de analizar, xunto cos diversos colectivos que conforman o dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais, os lumes de cuarta e quinta xeración, establecer os protocolos de actuación idóneos e adaptar os medios humanos e materiais a eses lumes

Publicación da iniciativa, 177, 19.09.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:54
Nº Rexistro: 15854
Data envío: 08/09/2017 12:54:18.192

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

Ata os anos noventa, noventa e pouco, a maioría dos lumes, aínda que con complicacións diversas, eran controlables, debido a catro razóns fundamentais:

- 1- *Porque as dispersas entidades de poboación non había que protexelas porque xa o estaban pola actividade agrícola, polo tanto a actividade do Spdcif era máis ofensiva que defensiva.*
- 2- *As masas forestais non tiñan o volume actual e debido ó abandono do rural, a carga de combustible é hoxe moi superior á dos anos noventa.*
- 3- *O cambio climático, con temperaturas máis altas, humidades relativas máis baixas, unhas secas continuadas e cada vez máis frecuentes olas de calor.*
- 4- *A atomización do Servizo de Extinción de Incendios, baixo a responsabilidade da Xunta de Galicia, coa continua perda de peso neste do Spdcif afecta gravemente á eficacia.*

No incendio de Verín deste ano dispónse de toda a potencia aérea de Galicia. No ocorrido en 2005 había moitos incendios simultáneos, había menos potencia de auga e, sen embargo, desta vez o lume avanzou máis ca daquela.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:54
Nº Rexistro: 15854
Data envío: 08/09/2017 12:54:18.192

Entre outras aí van algunhas razóns:

--Este é un lume de cuarta xeración: caos urbanístico nas novas construcións residenciais no rural, o abandono do rural, a meteoroloxía e a tipoloxía do combustible.

--Menos eficacia dos medios aéreos, con helicópteros de menor potencia e cada vez menos carga de auga. De 1.500litros que levaban nos anos 90 pasamos a 1.200 ou 1.000 litros que levan agora...

--Hai unha manifesta perda de eficacia, a pesar de que os lumes están diminuindo en número, veñen sendo máis virulentos.

--Atomización do dispositivo con diferentes procedencias das cuadrillas con heteroxénea formación, cando a hai. Estase metendo no monte xente pouco preparada.

Todo indica que nestes momentos faise necesaria unha seria reflexión, con participación de tódolos elementos que actúan no servizo de prevención e extinción, do que facer e como facer fronte ó reto dos lumes de interface e de quinta xeración.

O dramático aviso que nos deu o lume de Leiría debe facer reflexionar cabalmente sobre estes mencionados lumes e analízalos en tempo deseñando estratexias que eviten a improvisación e ineficacia.

Aquí ninguén se sentou nunha mesa para analizar como se traballa nun lume de tipo convectivo coma o de Leiría, como se traballa nun lume de cuarta ou quinta xeración e como se combina coa garda civil, bombeiros urbanos...

Por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión

7ª:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:54
Nº Rexistro: 15854

Data envío: 08/09/2017 12:54:18.192

Para cando ten previsto o goberno galego tomar as medidas necesarias para, contando coa participación activa dos diversos colectivos que forman parte de todo o aparello que intervéñ no dispositivo de prevención e extinción, analiza-los lumes de cuarta e quinta xeración, e establece-los os protocolos de actuación idóneos e acomete-la adecuación dos medios humanos e materiais ós mesmos?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/09/2017 12:48:33

María Montserrat Prado Cores na data 08/09/2017 12:48:38

Xosé Luis Bará Torres na data 08/09/2017 12:48:43



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:54
Nº Rexistro: 15854

Data envío: 08/09/2017 12:54:18.192

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2017 12:48:55

Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2017 12:48:58

Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2017 12:48:59

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 20.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 17207(10/POC-002937)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre o contido e obxectivos dos premios á excelencia da
calidade hixiénico-sanitaria de produtores de leite cru de
vaca en Galicia convocados pola Consellería do Medio Rural no
ano 2017

Publicación da iniciativa, 183, 28.09.2017



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:43
Nº Rexistro: 17207
Data envío: 21/09/2017 16:43:30.133

Á Mesa do Parlamento

José Gonzalez Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre José Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión**.

A Consellería de Medio Rural ven de convocar, en colaboración co Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (Ligal), os premios á excelencia da calidade hixiénico-sanitaria de produtores de leite cru de vaca.

Estes premios, que terán periodicidade anual, contemplan tres categorías, en función do tamaño da explotación gandeira, subdivididas en outras tres segundo o tipo de produción que se desenvolva nas mesmas, ademais doutro grupo correspondente ás explotacións ecolóxicas.

En relación con este asunto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

-En que consisten e que obxectivo se pretende lograr cos premios á excelencia da calidade hixiénico-sanitaria de produtores de leite cru de vaca en Galicia que a Consellería de Medio Rural ven de convocaron este ano por vez primeira?

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 21/09/2017 16:39:10

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/09/2017 16:39:31

Raquel Arias Rodríguez na data 21/09/2017 16:39:39

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:43
Nº Rexistro: 17207
Data envío: 21/09/2017 16:43:30.133**

Silvestre Balseiros Guinarte na data 21/09/2017 16:40:21

Moisés Blanco Paradelo na data 21/09/2017 16:40:32

Carlos Gómez Salgado na data 21/09/2017 16:40:43

Daniel Vega Pérez na data 21/09/2017 16:41:06

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 20.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 17590(10/POC-002974)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia dende o mes de xaneiro de 2017 para garantirlles un acceso á auga suficiente ás familias e negocios en situación de risco pola seca, así como a súa avaliación en relación cos custos desta para a gandería, a agricultura e os ecosistemas

Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a**.

O verán pasado choveu un 27% menos que nos anos anteriores e as temperaturas foron máis altas que de costume. Encadeamos así cinco estacións consecutivas con precipitacións por baixo da media, o que se traduce nunha seca preocupante que está causando severos problemas de abastecemento de auga a moitos municipios, sobre todo na provincia de Ourense. Estes problemas acontecen a pesar de que Galicia leva en prealerta dende fai nove meses. Cabe preguntar, polo tanto, que estivo a facer o Goberno da Xunta durante todo este tempo para evitar que a ausencia de choivas causase estragos ás familias e aos negocios nunha maior situación de risco.

Os cambios nos patróns meteorolóxicos que estamos a padecer débense ao cambio climático, que deberíamos estar combatendo con moita maior contundencia e cunha ambiciosa estratexia de futuro. Síntoma do cambio climático son as precipitacións menos frecuentes, pero máis intensas, que se presentaron na nosa comunidade coa forma da “gota fría” causando gravísimos danos ao campo.

As fortes precipitacións sumadas á seca estragaron numerosas colleitas (a recolección da uva das principais denominacións de orixe minguou un 50%) e obrigaron a moitos gandeiros a comezar a utilizar xa o forraxe que estaban a gardar para o inverno, pois non hai pastos suficientes en numerosas zonas de Galicia.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 13:21
Nº Rexistro: 17590
Data envío: 27/09/2017 13:21:30.560



Co motivo da noticia de que a Xunta pensa decretar a alerta por seca en polo menos 6 das 19 cuncas da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, pensamos que é o momento de repasar o que se fixo ata o de agora e de pactar as medidas que se deben tomar no futuro.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que medidas tomou a Xunta dende xaneiro para garantir que as familias e negocios en risco pola seca ían ter un acceso suficiente á auga?
- Que avaliación fai o Goberno dos custes que tivo a seca para a gandería, a agricultura e os ecosistemas?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 27/09/2017 13:17:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 13:21
Nº Rexistro: 17590
Data envío: 27/09/2017 13:21:30.560



David Rodríguez Estévez na data 27/09/2017 13:17:26

**Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes**

Día: 20.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.8 17657(10/POC-002979)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dalgún programa operativo no ámbito da educación para darlles unha maior visibilidade ás mulleres no medio rural e os datos referidos ás medidas desenvolvidas nos concellos para facilitar a súa incorporación ao mercado laboral e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, así como o establecemento dalgún módulo en materia de igualdade nos programas especializados de formación agraria e/ou nas escolas dese medio e a dispoñibilidade de indicadores estatísticos que midan a súa contribución á economía rural

Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

No Informe sobre as mulleres e o seu papel nas zonas rurais do Parlamento Europeo (08/03/2017) destácanse, entre outras moitas cousas, as *importantes contribucións das mulleres á economía rural*, así como que, con moita frecuencia, *as mulleres son as promotoras do desenvolvemento de actividades complementarias, dentro e fóra da explotación, que pasan o ámbito da produción agrícola, o que permite aportar unha verdadeira plusvalía ás activades que se realizan nas zonas rurais.*

As mulleres que habitan nas zonas do rural, tanto en Galicia, como en España, como no resto dos Estados Membros da Unión Europea (UE), non constitúen un grupo homoxéneo nin moito menos. As súas particularidades, como a súas diferentes situacións persoais, socioeconómicas, laborais, necesidades e contribucións á sociedade en xeral, varían moito entre os distintos lugares, rexións e Estado. Polo tanto, non existe unha única estratexia a seguir, senón que cada lugar ten as súas particularidades, aínda que todas comparten, ou deberían de compartir, os mesmos eixes estratéxicos e principios.

As iniciativas que xorden dos distintos movementos sociais, institucións e sociedade están encamiñadas a múltiples e diversos ámbitos na igualdade entre mulleres e homes, o cal é un principio fundamental da UE e os seus Estados Membros. A participación activa nos procesos de toma de decisións, na preservación de tradicións culturais, turísticas, de innovación e dinamizadoras da produción agraria e gandeira, contribúen á edificación e consolidación da identidade de xénero rexional. O cal é un obxectivo fundamental para o empoderamento da muller en todos os ámbitos, e especialmente no rural.

Tendo en conta o proceso de urbanización cada vez máis acelerado e a pirámide demográfica inversa galega, o mantemento da poboación activa, dinámica e próspera no eido rural é esencial para a fixación da poboación, conservación do medio ambiente e relevo xeracional. En todos eses ámbitos, a muller representa



Grupo Parlamentario

un papel máis que relevante. Non obstante, malia a relevancia da muller, esta atópase infrarrepresentada, fóra dos espazos de toma de decisións, invisibilizada e con máis dificultades para o acceso ao mercado laboral en comparación cos homes.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Cos diferentes plans, tanto os impulsados polo Goberno do Estado, como pola Xunta de Galicia, trátase de traballar para mellorar a situación da muller no ámbito rural en todos os aspectos.

Ante esta situación os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Púxose algún programa operativo no ámbito da educación, para dar unha maior visibilidade ás mulleres no rural, se for o caso, cantos e cales se puxeron en marcha?

2ª) Que e cantas medidas realizou a Xunta de Galicia para facilitar a incorporación da muller ao mercado laboral rural, en que concellos foron implementadas e con que resultado?

3ª) Facilitouse algunha medida que promova a conciliación da vida persoal, familiar e laboral nun escenario de responsabilidades compartidas entre mulleres e homes no rural?

4ª) Estableceuse algún módulo sobre igualdade nos programas especializados de formación agraria ou/e nas escolas do medio rural, se for o caso, en que concellos se estableceron e con que resultados?

5ª) Ten a Xunta de Galicia indicadores estatísticos que midan a contribución xeral das mulleres aos ingresos rurais e á economía do campo, desagregados por xénero para así optimizar os datos dispoñibles sobre a situación económica e social das mulleres no medio rural e a súa participación nas actividades que realizan, se for o caso, que indicadores foron introducidos?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 17:44
Nº Rexistro: 17657
Data envío: 27/09/2017 17:44:37.794



Grupo Parlamentario

6ª) Ten a Xunta de Galicia o número de mulleres que son propietarias exclusivas de terra agrícola e traballada con dedicación total ao sector primario, en que concellos se atopan?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

7ª) Ten a Xunta de Galicia algún programa en marcha para apoiar a participación das mulleres nos procesos de toma de decisión nas zonas rurais mediante actividades formativas dirixidas a impulsar a presenza en áreas e sectores onde estean infrarrepresentadas, se for o caso, que programa ou programas ten operativos e con que resultados?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/09/2017 17:32:01

José Antonio Quiroga Díaz na data 27/09/2017 17:32:10

María Luisa Pierres López na data 27/09/2017 17:32:24